


CEIP SANTA MARIA

AS PONTES

N.º 2 (2.ª época)

CHARIMA



Revista

Escolar



DEPORTE ESCOLAR

CEIP SANTA MARÍA

Teléfono e fax: 981 45 07 21

E-mail: ceip.santamaria.aspontes@edu.xunta.es

Páxina web: www.centros.edu.xunta/ceipsantamaria

EDITORIAL

Un ano máis Chorima, a nosa revista colexial, sae á rúa con esforzo e moitas ganas de facer cousas novas e, sobre todo, coa intención de que as familias sexan coñecedoras do "bo facer" dos seus rapaces nesta escola, tendo así a conexión familia-escola tan importante no seu desenvolvemento.

Con Chorima queremos ter unha actividade escolar integrada nas diferentes competencias básicas: aprender a aprender, lingüística, matemática, dixital ou cidadá. Ser reflexo da interpretación que fan os rapaces dos temas que están ao seu redor; problemas medioambientais ou de dereitos humanos e dos que a escola é unha receptora directa, pois chegan ao centro alumnos estranxeiros que con toda normalidade se integran nas nosas aulas. Tamén se fai selección do lixo, reutilización de diversos materiais e recollida de pilas, así como visitas a centros e institucións onde os

rapaces, poden ver como se aproveita a enerxía ou como se recicla, xa que pensamos que a escola é un paso importante da integración dos rapaces na sociedade que lles toca vivir.

É tamén unha ilusión para os menos ver os seus traballos publicados, o que lles resulta cada ano máis motivador. Hai que destacar o intrigados que están esperando que saia a revista para ver o que trae e se saíu o seu traballo ou se ven naquela fotografía.

Chorima está aberta á participación de toda a comunidade escolar, que cun artigo ou a súa participación noutras actividades teñen sempre cabida nela. Estou convencida que este traballo vai ser para todos un recordo agarimoso do noso paso polo "Santa María" e que cada vez que ao abrir un caixón atopedes a revista, virán á vosa cabeza moitas e inolvidables lembranzas das múltiples experiencias vividas no centro.

Un agarimoso saúdo

Coché